

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

*RESOLUCIÓN do 31 de outubro do 2017 pola que se amplía a contía orzamentaria da Resolución do 13 de xuño de 2017 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros escolares e se convocan para o curso escolar 2017/18, e de convocatoria da declaración de participación para o curso escolar 2018/19.*

A Resolución do 13 de xuño de 2017 (publicada no DOG nº 118, do 22 de xuño) pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros escolares e se convocan para o curso escolar 2017/18, e de convocatoria da declaración de participación para o curso escolar 2018/19, establecía unha axuda de 1.010.357 € consecuencia do importe asignado inicialmente para Galicia de fondos da UE polo Mapama. O artigo 31 desta norma prevé expresamente a posibilidade do seu incremento con outros fondos procedentes do Fondo Europeo Agrícola de Garantía, dos orzamentos xerais do Estado e da Comunidade Autónoma.

Con posterioridade, recibíuse comunicación do Mapama da asignación definitiva de fondos da UE do novo Programa escolar de consumo de froitas, hortalizas e leite para a Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2017/18. Este importe definitivo ascendeu a 1.500.000 €, que, unha vez detraída a parte destinada a medidas de acompañamento de 200.000 €, supón a posibilidade de incrementar a actual resolución de axudas hasta 1.300.000 €.

Dado que a convocatoria de axudas aínda non foi resolta e se cumpren os requisitos do artigo 31 da Lei de subvención de Galicia, Lei 9/2007, do 13 de xuño, e os propios dispostos na resolución inicial antes mencionada, dáse cumprimento ao requisito de publicidade do incremento do crédito orzamentario para o seu coñecemento polos posibles beneficiarios de axudas.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de



subvencións de Galicia, e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

**DISPOÑO:****Artigo único**

Amplíase a dotación orzamentaria que se establece na Resolución do 13 de xuño de 2017 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros escolares e se convocan para o curso escolar 2017/18, e de convocatoria da declaración de participación para o curso escolar 2018/19, financiada con cargo á partida orzamentaria 13.80.713F.779.0, nos seguintes importes:

Exercicio 2017: 72.410,75 euros, dos cales 24.136,92 corresponden ao programa de froita e 48.273,83 ao programa de leite.

Exercicio 2018: 217.232,25 euros, dos cales 72.410,75 corresponden ao programa de froita e 144.821,50 ao programa de leite.

Os importes definitivos desta resolución de axudas quedan como segue:

Exercicio 2017: 325.000 euros, dos cales 108.333,32 corresponden ao programa de froita e 216.666,68 ao programa de leite.

Exercicio 2018: 975.000 euros, dos cales 325.000,05 corresponden ao programa de froita e 649.999,95 ao programa de leite.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2017

Belén M<sup>a</sup> do Campo Piñeiro  
Directora do Fondo Galego de Garantía Agraria

